



Parlamento das Letras: Xosé María Vila Ribadomar

Publicado o [16/12/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/12/16/parlamento-das-letras-xose-maria-vila-ribadomar/>

Xosé María Vila Ribadomar é poeta de corazón mergullado. A víscera sentimental tirallo ata o fondo abisal, aquel no que descobre peixes medievais e a máis diversa fauna psicosocial. Unha fraga do pericardio, unha sístole-diástole neosurreal, erótica e mariña que se compón en fotogramáticas imposibles, lonxincuos versais de celmosa verba, mesmo poemas en prosa adheridos á amatoria en loita.

Non hai na súa escrita concesións. Non lle interesan as modas. Tampouco os ídolos de barro. Escribe deliberadamente beireando as marxes, procurando o osíxeno dos pequenos selos editores, edicións alternativas que o deixan alentar acompasado.

A salgadura aérea do seu Cambados natal trámalle o salitre do verso. Hai un ollar perpendicular, un cupido esborcelado e irreverente que teima en ser querido na súa escrita, contra o desamor, contra a devastación, contra o mundo, instantáneas dunha ruína esperanzada da que aquí dá conta.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os primeiros textos que viron a luz, neste caso das candeas, fixérono na revista *A Santa Compañía*, naquel proxecto traballaron Lois Magariños, Saúl Otero, Emilio Ínsua, Moncho Caride e Domingo Tabuyo, entre outros. En canto ao primeiro poemario, Luis Rei, biógrafo de Ramón Cabanillas, mandoume cos meus poemas á casa de Emilio Ínsua, para que puidera valoralos máis polo miúdo, foi daquela cando xurdiu a posibilidade de envialo a Edições Tema, e ao abeiro de Alberto Augusto Miranda comezou o seu espallamento e difusión. Tamén, atendendo a suxestión de Emilio, fun cos poemas bater na casa de Saúl Otero, para ver a posibilidade de facer unhas ilustracións e, ata o de agora, Saúl segue ilustrándome en todos os eidos.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Talvez, e dentro desta miudeza da poesía, o que chegou máis lonxe foi *Peixes medievais*, pola propia orixe da publicación, inda que o que chegou con máis fondura, foi, coido, *fotogramática*.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Inda que emprego ás veces a peneira, deixo moitos versos soltos, ceibes, porque hai sempre uns alicerces emocionais e sentimentais na miña escrita.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

En canto a títulos prefiro o de *Marqués de Fefiñáns*, e aos literarios, *Tic-tac* de Suso de Toro, *Os comedores de patacas* de Manuel Rivas e, polo que se refire á súa obra, abraiante en todos os sentidos, cómpreme dicir o nome de Vázquez Pintor, inda que o seu nome propio sexa Xosé. E como nomes poéticos elixiría os de Estíbaliz Espinosa, Maite Dono ou Elvira Riveiro Tobío. Son as que mellor voz teñen, ¿non si?

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Nacín na Rúa Real e camiñei sempre cara á Rúa do Bosque, mentres me criaba entre a Rúa do Príncipe e o Paseo da Calzada. Agora vivo na Rúa do Monte, ao carón do Camiño do Faro. Así a todo, sigo nacente no mesmo lugar e vivindo nos mesmos lugares e gustaríame ter sido un ‘navalleiro’ coma Manuel María, non sei.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Son tamén un lector emocional e, por veces, compulsivo, mais, se cadra, sempre volvo ao Rulfo de Páramo, ao Cunqueiro de *As crónicas do sochantre* e ao transatlántico de Borges, Sábato e Cortázar, mesmo ao paquebote a Nova York de Lorca ou ao máis acaroadado ás miñas costas de Manuel Antonio.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

O que lle sobran aos posibles lectores son prexuízos e o que falta, máis xeralmente, é unha formación galeguista, nun sentido mesmo enciclopédico, da lingua como posibilidade social e vivencial. Nada lle sobra, non, fáltanlle lectores.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

As palabras vánsenos das mans axiña, coido que as palabras non nós pertencen, son un empréstito e hai un tempo poético, tamén, como o hai biolóxico ou xeolóxico.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Talvez non haxa presente na literatura, só pasado e futuro —sonche un chisco peliculeiro, no bo sentido tamén.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Gustaríame rematar coa advertencia-crítica que me fixo Emilio Ínsua cando leu *a fraga do pericardio*: “Ti, sabes o que estás facendo?”.